DEBUXO ARTÍSTICO (70)

Contidos básicos para a realización da PAU 2027

A análise do deseño curricular da materia de Debuxo Artístico e da súa situación dentro da modalidade de Artes en Bacharelato fai necesario aclarar unha serie de cuestións relativas á proposta de exame.

Segundo o disposto no Real Decreto 243/2022 e no Decreto 157/2022, páx. 50664, a materia de Debuxo Artístico "constitúese como unha linguaxe específica (...) o debuxo non só é a orixe de múltiples actividades artísticas ou unha ferramenta de coñecemento, tamén é un instrumento de expresión e de comunicación, xa que, ao utilizalo, se proxecta unha visión do mundo na que se combinan o estudo atento e analítico da realidade e a reinvención que dela fai a imaxinación. O debuxo, ademais de servir para realizar as primeiras exteriorizacións de pensamentos e emocións, é íntimo e directo, liberador na súa inmediatez; en definitiva, supón un primeiro intento de apropiación do espazo."

No Decreto 157/2022 defínense como obxectivos da materia "... asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubrindo o debuxo como linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a facultade dunha observación activa. Así mesmo, búscase promover unha sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais, descubrindo o debuxo como medio independente de expresión persoal."

En coherencia con esta concepción da materia, na proba de Debuxo Artístico proponse un proceso reflexivo sobre a arte que se materializa en **catro cuestións**.

A primeira será de carácter competencial e creativo. Nela, o alumnado deberá realizar un debuxo a partir dun texto e dunha imaxe, mobilizando os coñecementos, destrezas e recursos propios da linguaxe gráfica e

desenvolvendo unha proposta persoal.

As tres cuestións seguintes, tamén de carácter competencial, consistirán na análise escrita dunha obra artística. As respostas ás cuestións 2, 3 e 4 terán unha extensión máxima aproximada de 12 liñas ou 200 palabras en cada unha de elas.

As cuestións segunda, terceira e cuarta estarán centradas na observación e na análise na da obra artística proposta. Con elas búscase estimular a capacidade de expresión escrita do alumnado, máis alá da reprodución dun discurso exclusivamente académico ou memorístico, facendo uso dos seus coñecementos sobre a linguaxe propia da arte e sobre as técnicas e procedementos artísticos.

O obxectivo principal é que o estudante sexa capaz de establecer relacións entre a experiencia artística visual (vinculada á observación e á súa propia vivencia ante a obra) e a súa concreción verbal, integrada no ámbito da reflexión teórica sobre a arte. Trátase, polo tanto, de valorar a capacidade para observar, interpretar, relacionar e expresar por escrito unha reflexión fundamentada sobre a obra artística.

Coa intención de facilitar este proceso de reflexión, propóñese unha serie de artistas que poderán ser obxecto de análise na proba PAU. Esta proposta debe entenderse como unha posible base de preparación que permita ao estudante desenvolver unha reflexión persoal sobre a arte e poñer en palabras un discurso fundamentado sobre o sentido, a intención e a evolución das obras artísticas, procurando acadar unha visión global do mundo artístico.

CONTIDOS BÁSICOS DA MATERIA DE DEBUXO ARTÍSTICO II (DOG do 26 de setembro de 2022)

Bloque 1. Concepto e historia do debuxo.

Recolle os contidos relacionados coa concepción do debuxo e a súa evolución ao longo da historia, a súa presenza en diferentes obras artísticas e a súa importancia e funcionalidade

en moi diversos ámbitos disciplinares.

Contidos:

- *O debuxo na arte dos séculos XIX e XX. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.*
- *Da representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.*
- *A Bauhaus e o deseño.*
- *O debuxo como expresión artística contemporánea. Debuxar no espazo.*
- *Debuxo e artes plásticas en Galicia nos séculos XIX e XX. O Laboratorio de Formas.*

Proposta de contidos para a primeira cuestión da PAU:

- **O Romanticismo** (finais do XVIII e mediados XIX) artistas como: Francisco de Goya y Lucientes (1746-1828), Caspar David Friedrich (1774-1840), John Constable (1776-1837), Joseph Mallord William Turner (1775-1851), Eugène Delacroix (1798-1863) e os Prerrafaelitas: John Everett Millais (1829-1896) ou Dante Gabriel Rossetti (1828-1882).
- **O Realismo** (sobre 1840-1880) como: Gustave Courbet (1819-1877).
- **O Impresionismo** (sobre 1860-1890) por exemplo: Édouard Manet (1832-1883), Claude Monet (1840-1926), Camille Pissarro (1830-1903), Berthe Morisot (1841-1895), Mary Cassatt (1844-1926).
- **O Postimpresionismo** (aproximadamente 1886-1905) por exemplo: Paul Cézanne (1839-1906), Vincent Van Gogh (1853-1890), Paul Gauguin (1848-1903).
- **O Simbolismo e o Modernismo** (entre finais do XIX e principios do XX) como: Gustav Klimt (1862-1918), Gustave Moreau (1826-1898), Alfons Mucha (1860-1939).
- **O inicio da escultura moderna,** artistas como: Auguste Rodin (1840-1917) e Camille Claudel (1864- 1943).
- **O Expresionismo** (principios do XX) como: a Nova obxectividade de Otto Dix (1891-1969) ou George Grosz (1893- 1959).

- **O Fauvismo** (ó redor de 1905-1910) como: Henri Matisse (1869-1954).

- **O Cubismo** (entre 1907-1917) como: Pablo Picasso (1881-1973), Georges Braque (1882-1963), Juan Gris (1887-1927), Pablo Gargallo (1881-1934)

- **A Escola Metafísica** (ó redor de 1910-1920) por exemplo: Giorgio de Chirico (1888-1978).

- **A abstracción pictórica** (de 1910 en adiante) por exemplo: Vasili Kandinsky (1866-1944).

- **O Neoplasticismo** (ó redor de 1917) por exemplo: Piet Mondrian (1872-1944)

- **O Dadaísmo** (de 1916 ó 1919) por exemplo: Marcel Duchamp (1887-1968)

- **O Surrealismo** (sobre 1920-1950) como: Salvador Dalí (1904-1989), Remedios Varo (1908-1963), Maruja Mallo (1902-1995), Marc Chagall (1887-1985)

- O Pop Art. (sobre 1950-1970) como: Andy Warhol (1928-1987), Roy Fox Lichtenstein (1923-1997), David Hockney (1937-)

- **Do expresionismo abstracto** artistas como: Jackson Pollock (1912-1956), Mark Rothko (1903-1970) e a Nova Figuración como Francis Bacon (1909-1992), Lucian Freud (1922-2011)

Galicia nos séculos XIX e XX como: Carlos Maside (1897-1958), Luis Seoane (1910- 1979), Eugenio F. Granell (1912-2001)

- O Hiperrealismo de Antonio López García (1936-)

Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais.

Contén os contidos relacionados coa terminoloxía específica da materia, así como coas técnicas e elementos propios da expresión gráfica e a súa linguaxe.

Contidos:

• A retentiva e a memoria visual.

•As formas e a súa transformación: a forma entendida como unha estrutura de elementos e relacións. Espazos negativos e positivos das formas.

• Textura visual e táctil.

• Técnicas gráfico-plásticas, tradicionais, alternativas e dixitais.

Bloque 3. Debuxo e espazo.

Contidos referidos á percepción visual do espazo e da natureza, como a perspectiva, o encadramento ou a relación da natureza coa xeometría.

Contidos:

• A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.

• A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.

• Encadramento e debuxo do natural. Relación coa fotografía.

• Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.

• Xeometría e natureza.

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor.

Contidos relacionados coa comprensión e co tratamento da luz e as súas dimensións, así como cos usos das técnicas do claroscuro e da cor.

Contidos:

• O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.

• Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.

• Dimensións da cor. Aplicacións prácticas.

• Perspectiva atmosférica.

• A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.

Bloque 5. A figura humana.

Contén os aspectos relacionados coa representación do ser humano a través da historia, cos coñecementos anatómicos básicos, coas técnicas de apuntamento, co estudo e co retrato, así como coa función da figura humana no debuxo.

Contidos:

• Representación do ser humano ao longo da historia. Canon e proporción. Os

estereotipos de beleza en diferentes épocas.

• Nocións básicas de anatomía artística.

• Apuntamento do natural e do escorzo.

• O retrato. Faccións e expresións.

• O corpo humano como soporte e como instrumento de expresión artística.

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos.

Coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario poñer en práctica para levar a cabo este tipo de proxectos, nos que o papel do debuxo artístico é fundamental.

Contidos:

• A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto.

• Fases dos proxectos gráficos.

• Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.

• Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.

SOBRE A PROBA

A proba constará de **4 preguntas, de resposta obrigatoria**: a primeira, de carácter creativo, e as tres seguintes, de reflexión.

a) Primeira cuestión: 6 puntos

A primeira cuestión, de 6 puntos, será de carácter competencial e creativo. A partir dun texto e dunha imaxe, o alumnado deberá realizar un debuxo creativo utilizando unha técnica libre.

Nesta cuestión atenderase aos Obxectivos 1, 3, 4, 5, 6, 7 e 8, recollidos no DOG do 26 de setembro de 2022.

Na avaliación deste exercicio teranse en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumnado, atendendo ao enunciado proposto: ata 1 punto.

- A capacidade de interpretación da proposta: ata 1 punto.

- A capacidade de análise e síntese da imaxe: ata 1 punto.

- A composición: ata 1 punto.

- As relacións de proporción entre os obxectos representados: ata 1 punto.

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida: ata 1 punto.

A realización deste debuxo farase sobre un papel que se entregará no momento do exame. O soporte será Canson Imagine Mixed Media, formato A4, de 200 g/m².

A técnica será libre, tendo presente que só se poderán empregar técnicas secas (grafito, lapis de cores, rotuladores, collage, carbón prensado, etc.) e/ou técnicas húmidas de secado rápido e natural (tinta, acuarela, témpera, collage, etc.).

Non se poderá utilizar secador nin fixador. O debuxo deberá estar completamente seco no momento de entregar a proba na aula.

O alumnado deberá traer ao exame o material necesario para a realización da proba, excepto o papel, que será proporcionado no momento do exame.

b) Segunda, terceira e cuarta cuestións: 2, 1 e 1 puntos.

As cuestións segunda, terceira e cuarta, tamén de carácter competencial, terán unha puntuación de 2, 1 e 1 puntos, respectivamente, e estarán destinadas á análise e reflexión sobre o proceso de elaboración dunha obra de autor, a partir da observación do seu boceto e da súa realización final.

En cada unha destas cuestións, o estudante deberá realizar un comentario escrito cunha extensión máxima aproximada de 12 liñas ou 200 palabras.

Nestas cuestións reflexionarase sobre os aspectos correspondentes aos Bloques 1, 2, 3, 4, 5 e 6, recollidos nos “Contidos Básicos” da materia do Decreto 157/2022.

Os artistas incluídos neste documento no Bloque 1. Concepto e historia do debuxo serán os susceptibles de ser obxecto das propostas de análise das cuestións de reflexión. Estas cuestións poderán abordar, a partir das obras propostas, os contidos correspondentes aos Bloques 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

Na avaliación destas cuestións teranse en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade de reflexión sobre o proceso creativo, establecendo relacións entre o boceto e a realización final da obra.

- A capacidade de análise da obra e da cuestión proposta, empregando de maneira adecuada os coñecementos sobre a linguaxe gráfica, as técnicas, os procedementos e os recursos empregados.

- A claridade expositiva, así como a capacidade para expresar de maneira coherente, ordenada e fundamentada as ideas desenvolvidas.

Para calquera dúbida a dirección de correo é: aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 11 de setembro 2026